



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 2

Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas

Submedida 2.1

**Apoio para contribuír á obtención de
servizos de asesoramento**



Índice

<u>1. Medida 2. Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas</u>	2
<u>1.1. Submedida 2.1 Apoio para contribuír á obtención de servizos de asesoramento</u>	2
<u>1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?</u>	2
<u>1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?</u>	3
<u>1.1.3. Como se outorga a axuda?</u>	4
<u>1.1.4. Que tipo de gastos se financian?</u>	4
<u>1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	4
<u>1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	4
<u>1.1.7. A canto ascende esta axuda?</u>	5
<u>1.1.8. Quen xestiona esta axuda?</u>	5
<u>1.1.9. Marco normativo</u>	5
<u>1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados</u>	6

1. Medida 2. Servizos de asesoramento, xestión e substitución destinados ás explotacións agrícolas

Con esta medida preténdese apoiar proxectos de asesoramento especializado e garantir o transvasamento de información desde os centros de coñecemento, investigación e desenvolvemento ata o medio rural. Preténdese, por tanto, levar a innovación ao sector agroalimentario e forestal galego e, con iso, mellorar a súa competitividade.

Dados os obxectivos transversais aos que contribúe esta medida de fomento da innovación, adaptación ao cambio climático e conservación do medio ambiente, os servizos de asesoramento deben incluír explicitamente aspectos relacionados coa mitigación e adaptación ao cambio climático. En concreto, e dependendo do tipo de explotación, deberase asesorar en temas como: captura de carbono, loita contra a erosión, uso eficiente da enerxía e da auga, conservación da biodiversidade e protección do solo.

Esta axuda desenvolverase a través de tres submedidas:

- ✓ Submedida 2.1 Apoio para contribuír á obtención de servizos de asesoramento
- ✓ Submedida 2.2 Apoio para o establecemento de servizos de xestión, substitución e asesoramento agrícola e de servizos de asesoramento forestal
- ✓ Submedida 2.3 Apoio á formación de asesores

1.1. Submedida 2.1 Apoio para contribuír á obtención de servizos de asesoramento

A axuda outórgase á prestación de servizos de asesoramento a persoas físicas ou xurídicas titulares dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal. A asesoría poderá expresarse como consulta única ou como prestación continuada no marco dunha relación pactada entre prestador e prestatario.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

As actuacións financiáveis son servizos de asesoramento único ou continuado no marco dunha relación pactada entre prestador e prestatario. A consultoría poderá facilitarse de forma individual ou colectiva e versará sobre, polo menos, algún dos seguintes aspectos:

- ✓ Obrigações a nivel da explotación agraria derivadas dos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e medioambientais
- ✓ Prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente, o mantemento das zonas agrarias, cuestións relacionadas coa conservación da biodiversidade, o uso eficiente da auga e a protección do solo.

- ✓ Medidas incluídas no Programa destinadas a fomentar a modernización das explotacións, a consolidación da competitividade, a integración sectorial, a innovación e a orientación ao mercado, así como a iniciativa empresarial.
- ✓ Requisitos en explotacións agrarias en materia da Directiva Marco da auga e xestión integrada de pragas.
- ✓ Normas relativas á seguridade laboral ou as normas de seguridade relacionadas coa explotación agraria.
- ✓ Asesoramento específico para agricultores que se instalen por primeira vez.

Complementariamente poderá abarcar información relativa á mitigación e adaptación ao cambio climático, xestión de riscos e medidas preventivas fronte aos desastres naturais, acontecementos catastróficos e enfermidades vexetais e animais, cadeas curtas, conversión a agricultura ecolóxica e aspectos sanitarios da gandería.

O asesoramento ás explotacións forestais abarcará, como mínimo, as obrigacións derivadas do cumprimento da normativa en materia de conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva 92/43/CEE), conservación de aves silvestres (Directiva 79/409/CEE) e Directiva Marco da auga (Directiva 2000/60/CE). Así mesmo, poderá incluír cuestións relacionadas co rendemento económico e ambiental da explotación forestal.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Entidades públicas ou privadas, que presten servizos de asesoramento a titulares de explotacións agrarias e forestais para a mellora dos resultados económicos, ambientais e da capacidade de adaptación ao cambio climático da explotación. Poderanse excluír como beneficiarios a aquelas entidades que posúan entre si unha relación de dependencia ou vínculo empresarial do que exista constancia, ou formen parte dun grupo de sociedades.

A selección dos beneficiarios levarase a cabo de acordo coas normas de contratación pública, tendo en conta que no caso de prestación interna dos servizos:

- ✓ A autoridade contratante deberá exercer o control sobre o provedor da devandita prestación interna de servizos de asesoramento análogo ao que exerce sobre os seus propios departamentos;
- ✓ A entidade que presta os servizos debe realizar a parte esencial da súa actividade coa autoridade contratante que a controla.

No caso de prestación interna dos servizos poderase utilizar a opción de custos simplificados.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda poderá adoptar a forma de investimento directo da Administración autonómica ou de subvención convocada en réxime de concorrencia competitiva por importes que se determinarán en función dos custos de servizo cun máximo de 1.500 € por asesoramento.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Gastos en concepto de honorarios orixinados polos servizos prestados polas entidades de asesoramento aos titulares de explotacións agrícola, gandeira ou forestal entre os que se poden incluír os custos de persoal, viaxes, material e gastos de funcionamento.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Só serán elixibles os servizos prestados a titulares de explotación agrícola, gandeira ou forestal. Ademais, as entidades que presten servizos de asesoramento deberán contar con recursos adecuados de persoal cualificado que reciba formación periódica e dispoña de experiencia e fiabilidade en materia de asesoramento nos ámbitos nos que presten servizo.

O persoal que preste o servizo de asesoramento deberá ser titulado universitario en materia agronómica (Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Agrónomo, ou de titulación similar segundo as novas titulacións universitarias) ou na área de veterinaria no caso de que os servizos de asesoramento se refiran á produción agrícola e/ou gandeira, segundo o caso; titulado universitario na área forestal para os servizos de asesoramento ao sector forestal.

A entidade de asesoramento deberá presentar un plan para a prestación do servizo, no que quede definida a metodoloxía para seguir en función da tipoloxía, orientación produtiva e dimensión das explotacións ás que asesorará.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles beneficiarios. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Os criterios establecidos poderán referirse a:

- ✓ Dispoñibilidade de persoal propio ou en réxime de colaboración
- ✓ Tipoloxía do asesoramento
- ✓ Recursos dispoñibles (medios informáticos, equipos,...)
- ✓ Localización

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda será do 100% dos gastos subvencionables, cun importe máximo de 1.500 euros por servizo de asesoramento prestado, entendendo como servizo de asesoramento o conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria por unha entidade de asesoramento recoñecida, durante o período comprendido entre a data de presentación da solicitude de axuda e o prazo máximo de xustificación da axuda. Para a segunda e sucesivas convocatorias o servizo de asesoramento comezará a partir do día seguinte do final do prazo de xustificación da anterior convocatoria.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agraria Común
- ✓ Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os Regulamentos (UE) Nº 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) Nº 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) Nº 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) Nº 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e (UE) Nº 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, a



saúde animal e o benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal

- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 235/2007, de 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias
- ✓ Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se desenvolve o recoñecemento e rexistro de entidades con servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia, conforme o previsto no Decreto 235/2007, do 29 de decembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias
- ✓ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento e Xestión de Galicia – Resaxega (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/explotacions/resaxega>
- ✓ Servizos de asesoramento, xestión e substitución relativos o período 2007-2013 (Consellería do Medio Rural)
 - Implantación dos servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias
<http://mediorural.xunta.gal/areas/explotaciones/entidades de aconsejamiento gestion y sustitucion>
 - Asesoría ás explotacións agrarias
<http://mediorural.xunta.gal/areas/explotaciones/asesoria a las explotaciones agrarias/>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.2.3.1 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

